

Os dicionarios galegos e os marcadores discursivos operadores e de control de contacto¹

Alexandre Rodríguez Guerra²

Recibido: 18 de outubro de 2018 / Aceptado: 12 de novembro de 2018

Resumo. Nesta contribución invístase a presenza dunha serie de marcadores discursivos en sete dicionarios galegos actuais de distinto formato e macroestrutura. En concreto, estúdanse dous grupos de marcadores: (i) operadores e (ii) de control de contacto. A partir da proposta de Freixeiro Mato para o galego, revísanse cales son estas unidades, compróbase a súa inclusión ou non nos dicionarios seleccionados e analízanse as acepcións asimilables ós valores discursivos asociados a estes dous conxuntos de marcadores discursivos. Neste sentido, os operadores amosan unha maior presenza cós de control de contacto. Tamén se examinan todas as definicións que se ofrecen, as clases de palabras con que se identifican e os exemplos proporcionados. A análise contrastiva dos resultados revela que os dous tipos básicos de definición empregados son o conceptual sinonímico (simple e múltiple) e o funcional. Na escolla dun modelo ou doutro de definición vai xogar un papel fundamental o tipo de marcador discursivo. As categorías gramaticais asociadas a estas unidades xiran ó redor de dous polos básicos: un deles será o da propia indefinición categorial e o outro privilexará algunhas das categorías invariables. Finalmente, tamén se verifica a documentación moi desigual de exemplos nos diferentes dicionarios.

Palabras chave: Galego; dicionarios; marcadores discursivos; operadores; control de contacto.

[es] Los dicionarios gallegos y los marcadores discursivos operadores y de control de contacto

Resumen. En esta contribución se investiga la presencia de una serie de marcadores discursivos en siete diccionarios gallegos actuales de distinto formato y macroestructura. En concreto, se estudian dos grupos de marcadores: (i) operadores y (ii) de control de contacto. A partir de la propuesta de Freixeiro Mato para el gallego, se revisan cuáles son estas unidades, se comprueba su inclusión o no en los diccionarios seleccionados y se analizan las acepciones asimilables a los valores discursivos asociados a estos dos conjuntos de marcadores discursivos. En este sentido, los operadores muestran una mayor presencia que los de control de contacto. También se examinan todas las definiciones que se ofrecen, las clases de palabras que los identifican y los ejemplos proporcionados. El análisis contrastivo de los resultados revela que los dos tipos básicos de definición empleados son el conceptual sinonímico (simple y múltiple) y el funcional. En la elección de un modelo u otro va a jugar un papel fundamental el tipo de marcador discursivo. Las categorías gramaticales asociadas a estas unidades giran alrededor de dos polos básicos: uno de ellos será el de la propia indefinición categorial y el otro privilegiará algunas de las categorías invariables. Finalmente, también se verifica la documentación muy desigual de ejemplos en los diferentes diccionarios.

Palabras clave: Gallego; diccionarios; marcadores discursivos; operadores; control de contacto.

[en] The Galician Dictionaries and the Operators and Discourse Markers of Contact Control

Abstract. This contribution researches the presence of a series of discourse markers in seven Galician dictionaries of distinct format and size. Particularly, it explores two groups of markers: (i) operators and (ii) contact control. From the proposal of Freixeiro Mato for the Galician, we review these units, we verify their inclusion in the dictionaries selected

¹ Como membro do grupo TALG, desenvolvín este traballo ó abeiro da Rede de Lexicografía RELEX (ED341D R 2016/046), financiada pola Xunta de Galicia.

² Universidade de Vigo, Departamento de Filoloxía Galega e Latina.
Correo-e: xandre@uvigo.gal

and we analyze the discursive meanings associated to these two groups of discourse markers. In this sense, there are more operators than contact control markers. We also examine all the definitions, the parts of speech and the examples. The contrastive analysis of the results indicates that the two basic types of definition are the synonymic conceptual (simple and complex) and the functional. The choice of a particular model of definition depends on the type of discourse marker selected. The word class associated to these units is centered around two basic poles: the first is the absence of categorical identification, the second privileges some of the invariable categories. Finally, also we observe a different amount of examples in the seven dictionaries.

Keywords: Galician; Dictionaries; Discourse Markers; Operators; Contact Control.

Sumario. 1. Introducción. 2. Os dicionarios galegos e os MD operadores e de control de contacto. 2.1. Operadores discursivos. 2.1.1. Operadores de reforzo argumentativo. 2.1.2. Operadores de concreción. 2.1.3. Operadores de formulación. 2.2. MD de control de contacto. 2.2.1. Apelativos de familiaridade. 2.2.2. Apéndices corroborativos. 2.2.3. Captadores de atención. 3. A xeito de conclusión. 4. Referencias bibliográficas. 4.1. Dicionarios estudados. 4.2. Estudos.

Como citar: Rodríguez Guerra, Alexandre (2018): “Os dicionarios galegos e os marcadores discursivos operadores e de control de contacto”, *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos* 20, pp. 217-237.

1. Introducción

No que levamos andado de s. XXI a lingüística galega foi pródiga en traballos de investigación sobre os marcadores discursivos (MD). A consulta en *BILEGA* da epígrafe “Lingüística textual: marcadores discursivos” devólvenos unha trintena de títulos. Concéntranse nun lapso temporal que abrangue pouco máis dunha década: o máis recente é de 2013 (Freixeiro Mato 2013) e os máis antigos son de 2002 (cf., por exemplo, Fernández Ferreiro 2002). Mais é o período de oito anos que vai de 2005 a 2012 o que acumula a meirande parte dos traballos (preto do 90% do total). Indubidablemente, todas estas investigacións tan recentes permitiron, malia algunha pequena deficiencia propia dos traballos pioneiros, un aumento exponencial do coñecemento dos MD galegos. De certo, aínda non existen traballos monográficos para a totalidade de MD (Freixeiro Mato 2016: 113, dálle cabo ó seu estudo sinalando que “fica aínda moito camiño por andar”), pero

podemos afirmar que esta parcela da lingüística galega dispón de estudos específicos que a permiten coñecer de xeito bastante detallado. Dende a perspectiva dos traballos máis xerais de gramática galega, a publicación de Freixeiro Mato (2006) supuxo un punto de inflexión neste eido tal e como indicou, por exemplo, Moreda Leirado (2010: 5). Na súa obra, Freixeiro Mato tamén realizou un seguimento na gramaticografía galega da información sobre os MD (2006: 153-162): coa nosa contribución pretendemos constatar, de maneira complementaria, se este bo feixe de traballos sobre os MD repercutiu directamente na información fornecida polos principais dicionarios monolingües galegos verbo dos dous subtipos indicados. Por suposto, tampouco podemos obviar a ausencia en galego dun dicionario especializado exclusivamente de MD, como o de Fuentes Rodríguez (2009), que, de existir, facilitaríase enormemente a inclusión exhaustiva e sistemática na lexicografía monolingüe —e non só— de información sobre estas unidades discursivas.

Os dicionarios que constitúen o noso corpus de estudo son sete: o *DRAG* e o *DEE* (ambos os dous en liña), o *NDLG* (escolar), os xemelgos *GDS21* e *GDC*³, o *DG* e o *GDXL*. Trátase sempre de edicións actuais para os dicionarios ‘en papel’, que van do ano 2004 para *DG* ó 2011 do *GDC* e 2012 do *NDLG*, e do ano 2018 para a consulta dos dous dicionarios en liña. Deste xeito cubríronse os tres grandes tipos de dicionario segundo o tamaño da súa macroestrutura.

Denantes de pechamos este limiar, é preciso lembrar as reiteradas referencias á complexidade da categorización dos MD, que Aschenberg e Loureda Lamas (2011: 17) resumen en tres puntos: “polimorfía gramatical, (...) lábiles límites de su significado y (...) polifuncionalidad pragmática”. Por iso se volve esencial, nun primeiro momento, “el establecimiento de definiciones claras” dende unha perspectiva teórica e, dende outra máis práctica, o desenvolvemento “de métodos que permitieran una descripción lingüística” e “documentación lexicográfica pertinentes” (*Ibid.* 17). O segundo punto, como se viu no inicio, está considerablemente avanzado en galego, o terceiro será o que comprobemos neste traballo.

³ Aínda que son practicamente idénticos, algunha pequena diferenza entre eles existe, como se poderá observar ó longo da exposición.

Polo que se refire ó primeiro dos puntos precedentes, e recoñecendo as dificultades para conseguir unha definición do concepto de MD inequívoca e aplicable á totalidade de partículas sentidas como MD (cf., entre outros moitos, Freixeiro Mato 2005: 53-58, Domínguez Portela 2008-2009: 29, para quen nesa altura “dar unha definición pechada do que é un MD non sexa posible”, ou Llopis Cardona 2014: 31-39), é probable que no ámbito galego sexa a definición de Freixeiro Mato a máis coñecida. Este autor, que segue no esencial a Portolés (2001), nunha das súas últimas formulacións sostén que os MD son “unidades lingüísticas xeralmente invariábeis que guían o proceso inferencial que se produce na comunicación, posibilitando desta forma a adecuada interpretación do texto” (Freixeiro Mato 2016: 79). Na súa identificación dos MD o gramático galego engade que non posúen “función clausal” nin poden “ser núcleo dunha resposta a unha pregunta”, mais “son porén necesarios no proceso comunicativo para indicaren o sentido da conexión e ligaren segmentos maiores ou menores do discurso” (*Ibid.* 79). Verbo da variabilidade categorial, Llopis Cardona (2014: 39) xustifícaa por ser o MD unha categoría verbal na terminoloxía coseriana, isto é, pertence ó “nivel universal de lo textual”, que se realiza precisamente a través de “distintas categorías gramaticales”. En paralelo ás definicións, son moitas as obras que ofrecen recompilacións das características e propiedades asociadas ós MD e ó seu comportamento lingüístico (cf., por exemplo, Domínguez Portela 2008-2009: 29-30, Freixeiro Mato 2005: 71-77 e 2016: 79-80 ou Llopis Cardona 2014: 32-33).

Antes de iniciarmos o percorrido polos resultados da nosa investigación, cómpre reflexionarmos sobre a escasa permeabilidade da lexicografía galega ós avances no estudo dos MD. En efecto, en Rodríguez Guerra (2018, no prelo) confirmábase que os dicionarios galegos

obxecto de estudo non foron incorporando as novas investigacións no campo dos MD (comezando pola terminoloxía e continuando pola descrición dos diferentes valores) e, en consecuencia, na súa microestrutura dificilmente poden recorrer ós termos lingüísticos relacionados cos MD: de feito, falta en todos os dicionarios a lectura lingüística do vocábulo *marcador*. Esta impermeabilidade vólvese ausencia total no caso dos subtipos de MD analizados na presente contribución. O anterior, sumado ás complexidades intrínsecas no tratamento dos MD, dificulta que a nosa lexicografía atenda sistematicamente os valores discursivos destas unidades. En todo caso, veremos que o comportamento non é homoxéneo e pode variar tanto en función dos distintos dicionarios coma dos (sub)conxuntos de MD considerados.

2. Os dicionarios galegos e os MD operadores e de control de contacto

Dos cinco grandes tipos de MD propostos para o galego por Freixeiro Mato (2005: 94-110 e 2006: 167-174)⁴, clasificación baseada na xa clásica de Portolés (2001), nesta investigación centrámonos nos identificados como “operadores” (MDO) e nos denominados marcadores de “control de contacto” (MDC). Son dous grupos relativamente homoxéneos e perfectamente individualizables e recoñecibles como tales que, dun xeito non primario, non establecen unha conexión entre varios membros discursivos⁵. O criterio empregado para a súa busca nos dicionarios ciméntase na selección destes MD realizada por Freixeiro Mato para o galego nas dúas referencias bibliográficas precedentes⁶. Revisaremos, en consecuencia, 27 unidades como posibles MDO e 11 MDC⁷. De todos os MD exemplificados por Freixeiro Mato (2005 e 2006) estes dous grupos representan cifras relativamente baixas, pois os operadores supoñen un 15,4% do total e os de

⁴ A saber: a) estruturadores da información, b) conectores, c) reformuladores, d) operadores discursivos e e) marcadores de control de contacto (cf. tamén Freixeiro Mato 2016: 82-84).

⁵ De feito, hai autores como Martín Zorraquino e Portolés Lázaro (1999: 4143-4199) que propoñen o grupo dos marcadores conversacionais e nel coinciden os MDC e algúns dos MDO (os operadores de formulación e os operadores de reforzo argumentativo evidenciales).

⁶ A dilatada experiencia deste autor no terreo discursivo garante tanto unha listaxe o suficientemente ampla de MD, coma a homoxeneidade das unidades propostas, sobre todo en termos de gramaticalización. O baleirado sistemático da nosa lexicografía na busca de MD debe ser obxecto dun traballo específico, parcialmente distinto ó noso.

⁷ Como se observa na Táboa 1, realmente son máis MDC, pero a efectos estatísticos as variantes do tipo *ouve/oe* e as que amosan “certa variación morfolóxica” (Freixeiro Mato 2016: 106) como *entendes?*, *entendeu?* e *entendiches?* contabilízanse como unha única forma –o mesmo ca *bo/bon* entre os MDO.

control de contacto un 6,3%. Quedan afastados outros tres grupos –estructuradores, conectores e reformuladores–, que suman, un pouco por riba ou por baixo, cadansúa cuarta parte do total de MD examinados (cf. Rodríguez Guerra 2018, no prelo).

Os MD obxecto da nosa observación son, en concreto, os seguintes:

Operadores	<i>a verdade, así é, ben, bo/bon, certamente, claro, con efecto, de certo, de facto, de feito, desde logo, e logo!, e máis si, efectivamente, en concreto, en especial, en particular, en rigor, entón!, na realidade, no fondo, pois claro, pois si, por exemplo, por suposto, verbi gratia, xaora</i>
Control de contacto	<i>anda, ande, entendes?, entendeu?, entendiches?, ho, home, mira, mirade, mire, miren, muller, non é?, non si?, olla, ollade, olle, ollen, ouve/oe, ouvide/oíde, ouza/oia, ouzan/oian, sabe? sabes?</i>

Táboa 1. MD analizados

	<i>DEE</i>	<i>DG</i>	<i>DRAG</i>	<i>GDC</i>	<i>GDS21</i>	<i>GDXL</i>	<i>NDLG</i>
%	70,4	22,2	66,7	59,3	59,3	74,1	63

Táboa 2. Operadores discursivos

Como se comproba a partir dos datos da Táboa 1, a meirande parte dos MDC están formados por unha única palabra (84,6%), mentres que os MDO están compostos maioritariamente por dúas palabras (70,4%). A media para estes dous grupos é de 1,6 palabras por MD (medio punto por debaixo da media global para todos os MD), que baixa ata as 1,18 cos MDC –cifra perfectamente explicable pola natureza apelativo-verbal de moitos deles– e sobe ata as 1,78 cos MDO.

2.1. Operadores discursivos

Os MD incluídos nesta gran clase posúen en común que “condicionan, polo seu significado, as posibilidades discursivas do membro do texto en que se inclúen ou que afectan, mais sen o relacionaren significativamente con outro membro anterior” (Freixeiro Mato 2005: 105 e 2006: 171). Dos cinco grandes grupos de

marcadores o dos MDO é o mellor representado nos dicionarios galegos, pois alcanza unha presenza media do 59,3% (vinte puntos por riba da media xeral de todos os subtipos de MD, cf. Rodríguez Guerra 2018, no prelo). Entre os 27 operadores identificados distínguense tres conxuntos: de reforzo argumentativo, de concreción e de formulación.

O comportamento cuantitativo dos sete dicionarios fronte ós operadores discursivos establece, por unha banda, unha estremeira inferior co *DG*, que non recolle nin unha cuarta parte dos MDO considerados e, por outra, un límite superior situado preto das tres cuartas partes dos MDO (co *GDXL*), que triplica os presentes do dicionario anterior. Dende o límite superior, os outros cinco dicionarios van reducindo regularmente (entre tres e catro puntos porcentuais) a presenza de MDO: do 70% do *DEE* ó 67% do *DRAG*, pasando polo 63% do *NDLG* e o 59% do *GDC* e mais do *GDS21*⁸. As porcentaxes exactas con que estes dicionarios galegos recollen valores discursivos asociados ós MDO revisados son as reflectidas na Táboa número 2:

A clasificación dos MD de que partimos (Freixeiro Mato 2005 e 2006, baseada como xa indicamos en Portolés 2001), está realizada con criterios restritivos e dela exclúense, por exemplo, os chamados adverbios oracionais ou extraoracionais (cf. Freixeiro Mato 2005: 59-60 e 65-70). Exclúense ó non alcanzaren o nivel de gramaticalización doutros MD porque se poden integrar “nunha cláusula co mesmo significado” e posuír “un significado conceptual que lles permite seren interrogados, negados ou parafraseados” (Freixeiro Mato 2016: 83). Como se puido comprobar na Táboa 1, tampouco os incluímos nós na presente contribución. Mais non quixemos deixar pasar a oportunidade para verificar na nosa investigación cal é o comportamento dos sete dicionarios consultados con algúns deles.

Seleccionamos seis formas adverbiais en *-mente*, todas elas presentes como MDO en

⁸ Certamente, non podemos obviar a distinta macroestrutura dos dicionarios. A ordenación de maior a menor número de entradas é: *DEE*, *GDXL*, *DG*, *DRAG*, *GDC-GDS21* e *NDLG*. Á vista desta disposición, aínda destacan máis os resultados dos MDO obtidos polo *DG* e mais polo *NDLG*.

Fuentes Rodríguez (2009), autora que non emprega na súa clasificación uns criterios tan restritivos coma os aplicados por Portolés ou Freixeiro Mato: *autenticamente, claramente, francamente, realmente, sinceramente e verdadeiramente*. En primeiro lugar, en dous dicionarios (*DG, DEE*) non figura como entrada ningún destes seis adverbios. No *GDC* e no *GDS21* rexístrase *claramente*, non vai acompañado de exemplos e da súa definición non se deduce ningunha filiación discursivo-textual. No *GDXL* recóllense todos seis, sen ningún exemplo e cunhas definicións que adoitan recuperar o adxectivo ou substantivo co que se relacionan estes adverbios (por exemplo, *sinceramente* defínese ‘de xeito sincero’) e que non dan pé a interpretar usos asimilables ós MD. No *NDLG* inclúense como entradas *claramente, realmente e verdadeiramente*. As súas definicións e os exemplos fornecidos líganos cos constituíntes oracionais ou frásticos, sen ningunha relación discursiva.

No *DRAG* os seis adverbios considerados rexístranse como entradas independentes. A meirande parte deles non se poden assimilar ós MD porque as definicións non os aproximan ó ámbito discursivo e, ademais, os exemplos sitúan estes adverbios, que non aparecen illados entre pausas, desempeñando unha función sintáctica frástica ou oracional⁹. As únicas excepcións constitúenas *francamente* e *verdadeiramente*. Este último aproxímase ós MD na súa segunda acepción, non tanto pola definición, ‘de verdade’, coma polo exemplo, (1a), co adverbio en posición inicial e seguido de pausa. Polo que se refire ó adverbio *francamente*, só posúe unha definición ‘con franqueza’, pero dentro dela establécense tres subepígrafes constituídas por exemplos e sinónimos diferentes. É o exemplo incluído na primeira, (1b), do que se dá como sinónimo *sinceramente*, o único que admite unha lectura en termos discursivos¹⁰.

- (1) a) *Verdadeiramente*, iso non pode ser así (*DRAG, s.v. verdadeiramente*)
 b) *Francamente*, non entendo a túa postura (*DRAG, s. v. francamente*)

Xa que logo, a proporción con que estes adverbios incluídos na macroestrutura consentiría un manexo discursivo é realmente excepcional, inferior ó 5%. Unha cifra que é doce veces menos cá proporción detectada para os MDO. Son dous adverbios diferentes (*verdadeiramente* e *francamente*) e non se repiten en ningún dicionario porque só se rexistran nun, o *DRAG*. Este comportamento lexicográfico non fai máis que reflectir un proceso gramaticalizador nunha fase aínda moi incipiente.

2.1.1. Operadores de reforzo argumentativo

O significado dos denominados operadores de reforzo argumentativo “reforza como argumento o membro do discurso en que se achen, fronte a outros argumentos posíbeis, (...) que se verán así limitados como desencadeadores de conclusións” (Freixeiro Mato 2005: 105 e 2006: 171). Pódeno conseguir amosando “o membro discursivo en que aparecen como unha realidade ou un feito certo” (*Ibid.* 105 e 171) (*en realidade, no fondo, de feito, de facto, en/con efecto, efectivamente, a verdade e en rigor*), ou presentando “o membro discursivo en que figuran como evidente” (*Ibid.* 105 e 171) (*certamente, claro, e logo!, de certo, desde logo, e máis si, así é, entón!, pois claro, pois si, xaora e por suposto*)¹¹. A porcentaxe media con que as formas deste subtipo manifestan valores discursivos nos dicionarios galegos é do 60,9%.

Dos 19 marcadores anteriores só dous, *pois si* e *entón!* (co valor de operadores evidenciais), non se rexistran nos sete dicionarios consultados. O primeiro incorporouno García Represas (1992: 53 e 56) entre as formas de confirmación para o acordo e tamén para a

⁹ Así, por exemplo, no nivel frástico temos *loitaban por establecer un réxime autenticamente democrático* (*DRAG s. v. autenticamente*) e, no oracional, *expresarse claramente* (*DRAG s. v. claramente*).

¹⁰ Porén, non existe a correlación discursiva co seu sinónimo xa que *sinceramente* aparece definido como ‘de maneira sincera’ e, sen remitir a ningún sinónimo, exemplifícase con (2a) (cf. Freixeiro Mato 2006: 167). Apréciase o paralelismo entre (2a) e (2b), pero deste –segundo dos exemplos da serie de tres xa comentada de *francamente*– só se dan como sinónimos *abertamente* e *claramente*:

- (2) a) Díxolle *sinceramente* o que pensaba del (*DRAG, s. v. sinceramente*)
 b) Falounos *francamente* e agradecémosllo (*DRAG, s. v. francamente*)

¹¹ En Freixeiro Mato 2006: 171 inclúese *por suposto* como último MD da listaxe; dela faltan *de facto, efectivamente, pois claro* e *de certo*, que si aparecen en Freixeiro Mato 2005: 105. *Certamente* incorporámolo de *Ibid.* 102.

contradición; o segundo situouno García Reprasas (1992: 57), con *e logo!* (cf. *infra*), no terreo da enfatización evidencial. Os operadores do primeiro subconxunto son:

- *A verdade* (DEE¹², DRAG, GDXL). Locución adverbial no GDXL, inclúese entre as frases e expresións no DRAG, e defínese como ‘a dicir verdade’ (DRAG), ‘efetivamente, realmente’ (DEE) e ‘falando con sinceridade’ (GDXL).
- *De facto* (DEE, DG, DRAG, GDC, GDS21, GDXL). En todos os dicionarios en que se documenta hai unha referencia ó seu carácter de locución ou expresión latina (non é casualidade que falte, precisamente, do único dicionario escolar manexado). Categorialmente, o DRAG e o GDXL identificana como locución adverbial. Á hora de definila a meirande parte dos dicionarios decántase por ‘de feito, non de dereito’ (DRAG, GDC, GDS21, GDXL), mentres o DEE opta por ‘de modo efetivo, real’ e o DG, despois de explicar que significa ‘de feito’, engade enciclopedicamente que ‘en dereito indica a «posición ou situación de feito», en contraposición á «situación de dereito» (*de iure*). Designa, habitualmente, o poder tomado pola forza, en substitución do emanado da aplicación do dereito’.
- *De feito* (DEE, DRAG, GDC, GDS21, GDXL, NDLG). Ou se clasifica como locución adverbial (DRAG, GDXL), ou se inclúe entre as expresións (NDLG). As definicións constrúense con sinónimos equivalentes: ‘en realidade, en definitiva, verdadeiramente’ (NDLG), ‘en efecto, en realidade’ (DRAG), ‘en realidade, verdadeiramente’ (GDC, GDS21), ‘efectivamente’ (DEE, GDXL).
- *Efectivamente* (DRAG, GDXL, NDLG). Identificado como adverbio, defínese sinonimicamente como ‘en efecto’ no DRAG e del explícase que ‘expresa que se confirma o que se dixo ou pensou antes’ no NDLG. A definición ‘en realidade, de maneira efectiva’ do GDXL non é moi clarificadora, pois combina un MDO como *en realidade* coa secuencia circular *de maneira efectiva*, que semella responder mellor a un contexto de *efectivamente* como constituínte oracional. En casos coma este, un exemplo (que nesta oportunidade non se fornece) dilucidaría cal é o valor que se está tentando describir.
- *En/con efecto* (DEE, DRAG, GDC, GDS21, GDXL, NDLG)¹³. Identifícase como locución adverbial en tres dicionarios (DEE, DRAG, GDXL) e inclúese entre as expresións no NDLG. As definicións acumulan, na súa maioría, adverbios en *-mente*: ‘verdadeiramente, efectivamente, en realidade’ (NDLG), ‘de certo, verdadeiramente’ (DRAG), ‘certamente, verdadeiramente’ (GDC, GDS21), ‘efetivamente, realmente (em especial, para confirmar o que se afirmou)’ (DEE), ‘en realidade ou efectivamente’ (GDXL).
- *En realidade* (DEE¹⁴, DRAG, GDC, GDS21, GDXL). Insírese entre as frases e expresións do DRAG e identifícase como locución adverbial no GDXL. Novamente, as definicións son de base sinonímica: ‘realmente, o certo é que’ (DRAG), ‘efectivamente, realmente’ (GDC, GDS21), ‘de feito, sen dúbida’ (GDXL), ‘realmente’ (DEE).
- *En rigor* (DEE, GDC, GDS21, GDXL). Unicamente o identifica categorialmente o GDXL, como locución adverbial. As definicións constrúense cun sinónimo, ‘estritamente’ (DEE), ou dous ‘en realidade, estritamente’ (GDC, GDS21, GDXL).
- *No fondo* (DEE, DRAG, GDC, GDS21, GDXL, NDLG). Integrado entre as expresións (NDLG) ou frases e expresións (DRAG), no GDXL interprétase como locución adverbial e no DEE identifícase como substantivo masculino (s. v. *fundo*, na súa acepción oitava, e baixo a definición sinonímica ‘substancia, esencia’, ofrécese o exemplo (4i), de *no fundo*). As definicións conxugan propostas sinonímicas pouco arriscadas, ‘verdadeiramente’ (NDLG), ‘en realidade’ (GDC, GDS21) ou ‘en realidade, en esencia’ (GDXL), con algunha outra versión que engade un sintagma perifrástico ‘na esencia, sen ter en conta os detalles superficiais’ (DRAG).

¹² Neste dicionario a variante que se rexistra é *em verdade* (s. v. *verdade*). Como sinónimo proporcióname, tamén, *na verdade*.

¹³ En todos os dicionarios consultados a forma documentada é *en efecto* salvo no DEE que escolle *com efeito*.

¹⁴ Neste dicionario recóllense como variantes *em realidade* e *na realidade*.

Os exemplos da serie (3) pertencen a MDO deste primeiro subgrupo e amosan, de xeito escolmado, que nesta oportunidade estes MD poden aparecer en calquera das tres posicións básicas: a posición inicial é a privilexiada, pois algo máis da metade dos exemplos sitúa o MD nela, quer seguido de pausa, (3b) e (3g), quer sen ela, (3h) e (3i); algo menos dun terzo do total sitúa os operadores discursivos en posición intercalada, ben entre pausas, (3d), (3f) –este precedido de *e-* e (3i), ben só con pausa antes (3e); tamén se emprega en posición final, despois de pausa (3a) ou non (3c). Obsérvase que a maioría destes exemplos, máis do 90%, proceden do *DRAG* e do *NDLG*, de feito, fóra deles dous só hai un exemplo no *DEE*.

- (3) a) O traballo non quedou moi ben, *a verdade* (*DRAG*, s. v. *verdade*)
 b) *En efecto*, vai chegar mañá (*NDLG*, s. v. *efecto*)
 c) É o presidente *de facto* (*DRAG*, s. v. *de facto*)
 d) Arrestouno a policía por conducir borracho; *de feito*, merecíao (*NDLG*, s. v. *feito*)
 e) Non estaba implicado; *de feito* el mesmo solicitou ser investigado (*DRAG*, s. v. *feito*)
 f) Aseguroume que os pementos non picaban, e *efectivamente*, saíron todos bos (*NDLG*, s. v. *efectivamente*)
 g) *Efectivamente*, así foi como ocorreu (*DRAG*, s. v. *efectivamente*)
 h) *En realidade* estou algo enfadado convosco (*DRAG*, s. v. *realidade*)
 i) A discussão, *no fundo*, é inútil (*DEE*, s. v. *fundo*)
 l) *No fondo* tiña razón (*NDLG*, s. v. *fondo*)

O segundo dos subconxuntos de operadores, os evidenciais, está constituído polos seguintes MD:

- *Certamente*¹⁵. A segunda acepción deste adverbio no *NDLG* recolle un valor recoñecible dende a perspectiva discursiva. Explicase del que é unha ‘expresión para subliñar e insistir no dito’ e proporciónase o exemplo (4a). Nel ocupa a posición inicial, vai seguido de pausa e non é un constituínte oracional, fronte ó que sucede en (4b), que ilustra a primeira acepción, definida como ‘con certeza

ou seguridade’, en que o adverbio desempeña a función sintáctica de complemento circunstancial.

- (4) a) *Certamente*, eu tampouco creo que fose el (*NDLG*, s. v. *certamente*)
 b) *Certamente* non che podo dicir cando é o exame (*NDLG*, s. v. *certamente*)

- *Claro* (*DG*, *DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*). Os cinco primeiros dicionarios identifican este MD como interxección e o *NDLG* como adverbio. As definicións constrúense ben a través de sinónimos, ‘por suposto, si’ (*NDLG*) e ‘evidentemente, certamente, abofé’ (*GDXL*), ben por medio de explicacións: ‘úsase para asentir, como unha exclamación de afirmación’ (*DRAG*), ‘interxección usada para asentir, como exclamación afirmativa’ (*GDC*, *GDS21*) e ‘úsase para afirmar’ (*DG*). García Represas interpreta *claro* (como tamén *xaora*, cf. *infra*), dentro da confirmación e da certeza, como unha forma para a evidencia (1992: 55).
- *De certo* (está presente nos sete dicionarios). Engade unha enfatización nas formas da confirmación para a certeza (*Ibid.* 55-56). Identificado maioritariamente como locución adverbial (*DG*, *DRAG*, *GDXL*) e incorporado entre as expresións no *NDLG*, adóitase definir sinonimicamente: ‘certamente, con certeza’ (*GDC*, *GDS21*), ‘con seguridade, sen dúbida’ (*NDLG*), ‘certamente’ (*DEE*), ‘con seguridade’ (*DG*) e ‘con certeza’ (*DRAG*, *GDXL*).
- *Desde logo* (*DEE*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*). No *NDLG* inclúese entre as expresións (é o único dicionario en amosar esta información). As definicións son sinonímicas nos cinco dicionarios: ‘claro que si, por suposto’ (*NDLG*), ‘indubidablemente’ (*GDS21*), ‘evidentemente, portanto’ (*DEE*), ‘claro que si, por suposto, xaora, e logo’ (*GDXL*), no *GDC* defínese como ‘sen dúbida’, s. v. *desde*, e ‘indubidablemente’, s. v. *logo*.
- *E logo!* (*DEE*, *DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*). A súa variabilidade categorial é notable: interxección no *GDXL*, adverbio no

¹⁵ Este adverbio detéctase na macroestrutura do *GDC*, o *GDS21* e o *GDXL*, pero das súas definicións –non se fornecen exemplos–, non se deduce ningunha lectura discursiva.

GDS21, no *NDLG* aparece entre as expresións e no *DRAG* entre as frases e expresións. No *GDXL*¹⁶ defínese na acepción 8 como ‘claro, naturalmente, por suposto’ e na 10, cunha indicación de uso, como ‘[con matiz exclamativo] ¡naturalmente!, ¡sen dúbida!, ¡certo!’; no *GDS21* aparece ‘exclamando, naturalmente!, que remedio!’, no *GDC* dise simplemente que ‘expresa afirmación’, no *NDLG* ‘claro, por suposto’ e a segunda acepción do *DEE*, que o documenta como *e logo?*, é ‘evidentemente’; finalmente, no *DRAG* explícase na acepción 1 que ‘afirma unha cousa de modo patente, equivalendo a «claro, por suposto»’. García Represas refírese a *e logo!* (canda *entón!*, cf. *infra*) como unha forma de enfatización que presenta “o afirmado como algo evidente” (1992: 57).

- *E máis si* (*DEE*¹⁷, *GDXL*). No primeiro deles documéntase coa definición ‘é certo, tem razão’ e no segundo, que a identifica como expresión, dise que ‘denota sorpresa ante algo no que non se reparara’. García Represas (1992: 54) caracteriza especificamente a *e máis si* como forma da confirmación de certeza para a sorpresa.
 - *Pois claro* (*DRAG*). Inserido entre as frases e expresións, del só se di ‘expresión de asentimento’.
 - *Xaora* (co valor que nos ocupa alcanza unha presenza lexicográfica plena). En cinco ocasións interprétase categorialmente como adverbio (*DG*, *DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*) e en dúas como interxección (*DEE*, *NDLG*). As definicións son todas de natureza sinonímica, con moi lixeiras variantes entre si: ‘claro que si, por suposto’ (*NDLG*), ‘claro, por suposto’ (*DRAG*, *GDC*, *GDS21*), ‘claro! Claro está!’ (*DEE*)¹⁸, ‘desde logo que si, claro que si’ (*GDXL*) e ‘sen ningunha dúbida’ (*DG*). No *DRAG xaora* só conta cunha
- acepción –e a definición anterior–, pero faise acompañar de dous exemplos en parágrafos independentes: o primeiro deles, (5ñ), non ofrece ningunha dúbida na súa interpretación, pero o segundo, (6), realmente non se corresponde co valor que estamos a analizar, senón co consecutivo¹⁹.
- *Así é* (*DEE*, *DRAG*, *GDXL*). Entre os recursos afirmativos en galego, García Represas percibe a *así é* e a *por suposto* “como pouco tradicionais”, xúlgaos “innecesarios” (1992: 48) e refírese a estas formas como “alomenos bastante sospeitosas na nosa lingua, dada a abafante influencia do español” (1992: 48, n. 4). Como se pode comprobar, ambas (máis a segunda) aparecen documentadas nalgúns dos dicionarios consultados, incluído o *DRAG*. *Así é* para o *DEE* é un adverbio, o *DRAG* inclúeo entre as frases e expresións e no *GDXL* dise que é unha fórmula (nos dous primeiros documéntase *s. v. así* e no terceiro *s. v. ser*). Verbo das definicións, no *DEE* explícase na acepción 4 que ‘usado com o verbo ser indica afirmación: *assim é* (...)’²⁰ e no *GDXL* sinálase que é unha ‘fórmula de asentimento’. No *DRAG* non se define e só se remite a un sinónimo, *si*₂ (que se corresponde co adverbio *si* explicado como ‘palabra con que se afirma algo, ou resposta a unha pregunta, ou con que se dá énfase a algo que se di’).
 - *Por suposto* (*DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*). É unha expresión para o *DRAG* e o *NDLG*, e locución adverbial para o *GDXL*. As súas definicións constrúense dende unha vertente sinonímica, ‘sen ningunha dúbida, certamente’ (*GDC*, *GDS21*), ‘certamente’ (*GDXL*), ‘claro que si’ (*NDLG*), ou explicativa, ‘expresión con que o que fala manifesta o seu acordo con algo que se dixo, así como a súa gran convicción ao respecto’ (*DRAG*).

¹⁶ Aínda que nos exemplos aparece con *e*, fábase sempre de *logo*, cf. (5f) e (5g).

¹⁷ Baixo a forma *e máis sim!*, sen indicación da categoría.

¹⁸ Documentado como *jaora!*

¹⁹ De feito este valor (recollido tamén nunha segunda acepción polo *GDC* e o *GDS21* como conxunción e definido ‘daquela, entón, polo tanto’), estaba presente no dicionario da Academia Galega na súa edición de 1997, nunha segunda acepción de *xaora*, identificada como conxunción e co exemplo *eu, xaora, volvíñ ás carreiras* (*DRAG97 s. v. xaora*).

²⁰ A explicación prosegue e vai cambiando o valor segundo muda o tempo verbal: ‘estraneza: *assim será*; desejo ou aspiración: *assim fosse eu rico como o é ele*’.

Na serie (5) recompílanse algúns destes marcadores a través dunha selección dos exemplos proporcionados polos propios dicionarios. En primeiro lugar cómpre subliñar que a maioría, máis da metade deles, responde a un mesmo modelo estrutural: constitúen a resposta, íntegra, a unha pregunta total, así (5a), (5c), (5e), (5f), (5h) e (5n); en (5l) non hai pregunta pero o MD acapara unha intervención reactiva. Detéctase algún caso na posición final como (5g). Certamente, tamén se localizan na posición inicial (pouco máis da cuarta parte deles) como en (5b) e (5d), seguidos de pausa, e (5i) e (5m), sen ela. Nese sentido, é significativo que non se adoite exemplificar con estes MD na posición intercalada, cf. (6)²¹.

- (5) a) Vés de excursión? —*Claro!* (*NDLG*, s. v. *claro*)
 b) *Así é*, señor, a testemuña non debe mentir (*DRAG*, s. v. *así*)
 c) —Estás de acordo comigo? —*Por suposto* (*DRAG*, s. v. *suposto*)
 d) *Desde logo*, tu és parvo (*DEE*, s. v. *logo*)
 e) ¿Podo facerche unha pregunta? —*Desde logo* (*GDXL*, s. v. *logo*)
 f) ¿Pensas que acertou? —*E logo* (*GDXL*, s. v. *logo*, acepción 8)
 g) Claro que teño razón, *¡e logo!* (*GDXL*, s. v. *logo*, acepción 10)
 h) —Ves comigo á praia? —*E logo* (*GDC*, s. v. *e*)
 i) *De certo* que fuches ti? (*DRAG*, s. v. *certo*)
 l) Tes a roda do coche pinchada. —*¡E mais si!* (*GDXL*, s. v. *mais*)
 m) *Pois claro* que tes que vir! (*DRAG*, s. v. *pois*)
 n) —Queres unha caixaña de bombóns? —*Xaora!* (*NDLG*, s. v. *xaora!*)
 ñ) —Gústache o viño? —*Xaora* que si! (*DRAG*, s. v. *xaora*)
- (6) Estiven toda a tarde traballando e, *xaora*, non puiden ter a cea preparada a tempo. (*DRAG*, s. v. *xaora*)

2.1.2. Operadores de concreción

Os chamados operadores de concreción “presentan o membro do discurso en que figuran como unha concreción ou exemplo dunha xeneralización que pode ou non aparecer nun membro anterior” (Freixeiro Mato 2005: 106 e 2006: 171) e son MD como *por exemplo*, *en concreto*, *en particular*, *en especial* e *verbi gratia*. A porcentaxe con que algúns dos MD deste subgrupo aparecen rexistrados nos dicionarios galegos é moi elevada co 74,3%.

- *En concreto* (*GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*). Insírese entre as expresións no *NDLG* e identifícase como locución adverbial nos demais dicionarios. Trátase dun MD que aínda non está totalmente gramaticalizado como operador de concreción (o mesmo ca *en particular*, cf. Martín Zorraquino e Portolés Lázaro 1999: 4142, n. 95) e iso percíbese de inmediato en que: (i) hai definicións que quedan fóra desta interpretación discursiva²², (ii) as definicións que si a admiten, como ‘en resumo, en conclusión’ –*GDXL*, *NDLG*– e ‘en resumo, de forma concreta e resumida’ –*GDC*, *GDS21*–, constrúense sinonimicamente empregando reformuladores recapitulativos, como *en resumo* ou *en conclusión* (cf. Freixeiro Mato 2005: 103-104 e 2016: 99-100), e non outros operadores de concreción e, (iii) finalmente, o único exemplo que se ofrece –*NDLG*– carece das pausas asociadas a este MD, cf. (7f). Con respecto a este último punto, Fuentes Rodríguez (2009: 123) explica que con este MD, denominado por ela “conector reformulativo de concreción”, “es necesaria la pausa, de lo contrario mantiene su valor léxico” e que, dende a perspectiva da entoación, este MD “forma grupo entonativo independente”. Estas características si que están presentes no exemplo fornecido para o galego por Freixeiro Mato (2016: 104): “Garzón, (...), é polo de agora o único sobre o que recaen as acusacións polo sucedido, *en concreto*, de homicidio imprudente”²³.

²¹ Fuentes Rodríguez (2009: 68, 104 e 278), para operadores modalizadores de evidencia no castelán como *claro*, *desde luego* e *por supuesto*, indica que poden aparecer en calquera das tres posicións, sempre entre pausas.

²² Son dúas: ‘de modo concreto ou preciso’ (*DRAG*) e ‘de forma precisa’ (*DG*).

²³ Exemplo tirado de X. M. Piñeiro, “Angrois, dous anos despois”, *Sermos Galiza* 156 (30/07/2015), p. 10.

- *En particular* (documentábase nos sete dicionarios analizados). En todos excepto no *NDLG*, que o inclúe entre as expresións, aparece identificado como locución adverbial. As definicións son todas sinonímicas e, na maioría, apróveitanse os lexemas presentes noutros operadores de concreción: ‘especialmente, sobre todo’ (*GDC, GDS21*), ‘de maneira especial, sobre todo’ (*DRAG*), ‘singularmente, especialmente’ (*GDXL*), ‘dunha maneira especial’ (*DG*), ‘sobre todo’ (*NDLG*) e ‘concretizando’ (*DEE*). Fuentes Rodríguez (2009: 136) para este MD de concreción tamén indica que sempre vai entre pausas e que forma grupo entoativo independente “aunque a veces no se marque en la escritura”.
- *En especial* (*DEE, DRAG, GDXL, NDLG*). Inclúese entre as expresións (*NDLG*) ou frases e expresións (*DRAG*) e tamén se identifica como locución adverbial (*DEE, GDXL*). As definicións, alén da circular ‘de maneira especial’ (*DRAG*), constrúense todas sinonimicamente pero, con este marcador *si*, váléndose doutro operador de concreción: ‘especialmente, en particular’ (*NDLG*), ‘particularmente, principalmente’ (*DEE*) e ‘de xeito particular’ (*GDXL*).
- *Por exemplo* (*DEE, DRAG, GDXL, NDLG*). Identifícase ou como expresión (*DRAG, NDLG*) ou como locución adverbial (*GDXL*). As definicións son maioritariamente explicativas: ‘expresión que se emprega cando se quere ilustrar ou afirmar algo mediante un exemplo’ (*DRAG*), ‘frase que se usa antes de introducir exemplos’ (*NDLG*) ou ‘empregase para ilustrar ou afirmar algo mediante unha demostración’ (*GDXL*). A definición do *DEE* é ‘citando um caso análogo’.
- *Verbi gratia* (documentábase en todos os dicionarios). Neles sempre se fai referencia ó seu carácter latino, salvo no *GDXL*, que é o único que adapta a forma en *verbi gratia*. Dela dise que é locución adverbial (*DRAG, GDC, GDS21*), adverbio (*GDXL*), expresión (*DG, NDLG*) ou locución (*DEE*).

Todas as definicións coinciden en remitir ó operador de concreción ‘por exemplo’ (no *GDXL* engádesse o reformulador explicativo ‘a saber’).

Nos diferentes exemplos que ilustran o uso destes operadores, nunca ocupan a posición inicial e adoitan vir intercalados, ben entre pausas, (7a), (7b) e (7c), ben só precedidos dela, (7d) e (7e).

- (7) a) O prezo do leite, *por exemplo*, aumentou nos últimos meses (*DRAG, s. v. exemplo*)
- b) Falamos, *en particular*, de como lle fora na vida (*NDLG, s. v. particular*)
- c) Recolleu textos dos autores máis importantes do Rexurdimento, *verbi gratia*, Rosalía ou Curros (*DRAG, s. v. verbi gratia*)
- d) Con esas medidas trátase de mellorar a vida das persoas maiores, *en especial* as que teñen menos recursos (*DRAG, s. v. especial*)
- e) Gustaríame coñecer Italia, *en particular* Roma (*DRAG, s. v. particular*)
- f) Dime *en concreto* quen foi (*NDLG, s. v. concreto*)

2.1.3. Operadores de formulación

En terceiro lugar, os operadores de formulación defínense como aqueles que “presentan un membro do discurso como unha formulación que transmite satisfactoriamente a intención comunicativa do falante”, o que posibilita “a súa maior independencia a respecto do discurso precedente” e facilita “o seu uso como modificador ou renovador da planificación discursiva” (Freixeiro Mato 2005: 107 e 2006: 171-172). Pertencen a este grupo formas como *ben* e *bo*²⁴. Os valores de natureza discursiva que se enxergan nos dicionarios galegos sitúanse con estas dúas voces nun 35,7% dos casos.

Polo que se refire ó primeiro deles, *ben*, só se documenta con algún uso discursivo en dous dicionarios (*DEE, NDLG*) e sempre baseándose nunha dimensión orientada dende a aprobación. Así, no *NDLG* identifícase como adverbio e dise que ‘expresa que se está de acordo, que parece adecuado’, (8a). No *DEE*²⁵

²⁴ A forma proposta por Freixeiro Mato (2005: 130) é realmente *bon* porque para el *bo* está consagrada “como adxectivo na norma” e, ademais, está moi próxima fonicamente “da interxección *boh*, que posúe outros valores diferentes”.

²⁵ Baixo a forma *bem*.

recóllese como interxección coa definición ‘exprime aprobación’, (8b). Este carácter aprobativo, “aceptar ou afirmar”, é para Domínguez Portela (2009: 122-123) o primeiro valor, de tipo “modalizador”, que ten o castelanismo *bueno* en galego.

Verbo da forma *bo*, unicamente se detecta unha posible pegada discursiva en tres fontes lexicográficas: na acepción 9 do *GDC* e o *GDS21*, en que se explica ‘usado como adverbio, a maneira de exclamación, denota aprobación, sorpresa ou alegría’, sen proporcionar ningún exemplo; e no *DEE* en que, de *bô/bom*, se di que, como interxección, ‘exprime admiración, incredulidade, desconfianza ou reprobación’, (8c). Obsérvase que mentres a acepción do *GDC* e o *GDS21* coincide polo menos no seu primeiro trazo co valor descrito por Domínguez Portela no parágrafo anterior, a do *DEE* semella adecuarse mellor, polo menos para os tres últimos trazos, ó sexto valor modalizador do castelanismo *bueno* en galego “quitar credibilidade ou importancia” (2009: 128-129) proposto por esta autora.


- (8) a) *Ben*, chámame mañá e falamos outra vez do asunto (*NDLG*, s. v. *ben*)
 b) Muito *bem*! (*DEE*, s. v. *bem*)
 c) *Bô!* Ora essa! (*DEE*, s. v. *bo*)

A ausencia case xeral nestes dicionarios destes MD, sobre todo de *ben*, é especialmente sensible para a lingua galega xa que Domínguez Portela (2009) comprobou que no galego está moi presente o MD castelán *bueno*²⁶. A investigadora galega (2009: 116-117) recoñécelle a este MD dúas grandes funcións (i) como organizador e (ii) como modalizador do discurso, e segundo a súa proposta, un dos MD galegos que enche moitos dos valores detectados nos empregos do castelanismo anterior é, precisamente, *ben* (cf. tamén Freixeiro Mato 2005: 125-129). Dos catro subtipos posibles da (i) función organizadora o MD *ben* está presente como alternativa galega en dous deles: como introdutor do acto comunicativo (Domínguez Portela 2009: 118) e cando se emprega para recuperar un tema ou aspecto deste (2009: 120),

neste segundo caso *ben* é o único MD galego recomendado. Dos sete valores básicos do castelanismo *bueno* como (ii) modalizador do discurso, Domínguez Portela presenta *ben* como MD galego en tres deles: aceptar ou afirmar, introducir unha conclusión e quitar importancia. É certo que a propia autora insiste no feito de que os MD propiamente galegos que poden encher todos estes usos son, en realidade, moitos. Pero non é menos verdade que *ben* permite vehicular, como acabamos de ver, cinco dos once valores propostos de *bueno*.

Para Freixeiro Mato (cf. 2005: 107, n. 83 e 111-131) é probable que *bo/bon* non se chegasen a gramaticalizar en galego como MD “pola incorporación para ese uso do españolismo correspondente” e, visto que *ben* non enche satisfactoriamente todos os valores do MD castelán *bueno*²⁷, “non semella desaconsellábel a recuperación de *bon* como marcador discursivo” (Freixeiro Mato 2005: 130). O investigador galego só testemuña o seu emprego en dous escritores contemporáneos: Blanco-Amor e Suso de Toro. Doutra banda, entre as, por veces amplas, listaxes de MD propios que Domínguez Portela (2009) ofrece como alternativa ó castelanismo xa mencionado, non se encontra *bo(n)*. En consecuencia, e á falta dun estudo monográfico, semella pouca bagaxe argumentativa para que a lexicografía galega poida decidir a día de hoxe, con criterio lingüístico, a incorporación de *bo(n)* como MD.

Pechamos a epígrafe dedicada ós MDO coa Gráfica 1. Nela téñense en conta as proporcións con que cada un dos tres subtipos de MDO definidos se rexistran nos dicionarios revisados e,



Gráfica 1. Presenza dos catro subtipos de MDO nos dicionarios galegos²⁸

²⁶ Cf. tamén Freixeiro Mato 2005: 122-124. Véxase tamén Fernández Salgado 2004: 199, s. v. *bueno*.

²⁷ Como por exemplo “aceptación simplemente condescendente ou resignada nas respostas, valor puramente continuativo como iniciador de resposta e en calquera outra posición, valores reformulativos” (Freixeiro Mato 2005: 129).

²⁸ Lenda: R. Arg. 1: De reforzo argumentativo reais; R. Arg. 2: De reforzo argumentativo evidencias; Concr.: De concreción; Formul.: De formulación.

de inmediato, xa se aprecia que os resultados non son homoxéneos. Como se viu no inicio desta epígrafe, a media global de todos os MDO é alta, pero bastante desigual entre os subgrupos: (i) os operadores de reforzo argumentativo atópanse un pouco por riba ou por baixo da media en función de se son reais ou evidenciais, respectivamente, (ii) os operadores de concreción sitúanse bastante por riba da media, (iii) mentres que os operadores de formulación están bastante por debaixo dela.

o *GDC* e mais o *GDS21* baixan ata o 36%; por último, os usos discursivos nos dous últimos dicionarios son baixos (*NDLG* co 18%) ou moi baixos (*DG* co 9%, case a oitava parte do recollido no *GDXL*). Na Táboa número 3 recóllense as porcentaxes exactas con que se documentan estes valores.

Das 11 formas básicas a que remiten os vinte e catro MDC concretos relacionados antes, só hai unha que non está representada nos dicionarios galegos consultados: *muller*³¹.

	<i>DEE</i>	<i>DG</i>	<i>DRAG</i>	<i>GDC</i>	<i>GDS21</i>	<i>GDXL</i>	<i>NDLG</i>
%	54,5	9,1	45,5	36,4	36,4	72,7	18,2

Táboa 3. MD de control de contacto

2.2. MD de control de contacto

Os MD de control de contacto defínense pola súa capacidade de poñer “de manifesto a relación entre os participantes da conversación e a destes cos seus enunciados” (Freixeiro Mato 2005: 107 e 2006: 172). Recoñécenselles algunhas especificidades ó admitiren “certa variación morfolóxica e capacidade combinatoria, mais non posúen unha liberdade sintáctica ou de flexión completas” (*Ibid.* 107 e 172). Freixeiro Mato distingue tres tipos de MDC (2016: 106-112): (i) apelativos de familiaridade, (ii) captadores da atención e (iii) apéndice corroborativos. Entre estes MDC inclúense os seguintes: (i) *ho, home, muller*; (ii) *anda, ande, mira, mirade, mire, miren; olla, ollade, olle, ollen; ouve/oe, ouvide/oíde, ouza/oia, ouzan/oian; sabe?, sabes?, entendeu?, entendiches?, entendes?; (iii) non é?, non si?*²⁹ A proporción media con que localizamos nos dicionarios galegos valores discursivos neste subtipo é do 39%³⁰, o que lle permite ocupar unha posición intermedia se o comparamos cos resultados dos cinco grandes conxuntos de MD (cf. Rodríguez Guerra 2018, no prelo).

É o *GDXL* o que posúe a proporción máis alta, con preto dun 73% de presenza de valores discursivos, a moita distancia do segundo, o *DEE* (co 54%); o *DRAG* queda no 45% e

Os MDC que proceden de verbos establécense a partir de seis raíces verbais, e todas elas están representadas na nosa lexicografía, mais sempre a través dunha das súas variantes, que coincide coa forma que se orixina na segunda persoa do singular, quer dos imperativos (*anda, mira, olla, oe*), quer dos presentes de indicativo (*entendes?, sabes?*). A única excepción constitúea *entendido?* que se fornece a carón de *entendes?* (cf. *infra*).

2.2.1. Apelativos de familiaridade

O MD *ho* é o único que se atopa na totalidade dos dicionarios analizados. Cinco deles, son excepción o *DRAG* e mais o *GDXL*, optan por explicitar a énfase que o adoita acompañar empregando na súa representación gráfica o signo de exclamación, *ho!* Categoricalmente, salvo o *DEE* que o presenta como substantivo (cf. *infra*), os demais dicionarios identificano como interxección.

As definicións sempre son explicacións sobre o seu uso e inciden nos conceptos de chamada á atención e de apelación: ‘emprégase para apelar directamente ao interlocutor’ (*DG*), ‘denota chamada ou apelación (...) a unha persoa do xénero masculino’ (*GDC* e *GDS21*), ‘serve para chamar a atención ou apelar ós sentimentos do oínte, (...)’ (*GDXL*),

²⁹ En Freixeiro Mato 2016: 106-112 proporciónanse máis exemplos de MDC como *né, ché, tío/tía, meu* etc., pero que adoitan ter distintas restricións de uso, entre as que pode estar a pertenza a un ámbito coloquial ou informal.

³⁰ Cómpre non esquecer o indicado na nota número 7 sobre o criterio para o cálculo estatístico.

³¹ Deste marcador afirma Freixeiro Mato que “ten un uso bastante menor” (2016: 107) có de *ho* ou *home* e só ofrece o exemplo —*Pero, mullere, eu tamén dou*. Para o castelán e catalán Cuenca e Torres Vilatarsana conclúen que “*mujer/dona*, es mucho menos utilizada que *hombre*, incluso entre mujeres” (2008: 248), nunha relación 88/12 (castelán) e 99,3/0,7 (catalán).

‘expresión para que nos preste atención a persoa que nos oe, (...)’ (*NDLG*) e ‘emprégase para dirixirse directamente a alguén, isto é, con función apelativa, e con distintos matices de significado segundo os casos’ (*DRAG*). Por veces, nesas definicións tamén se engade que o fai ‘substituíndo a palabra *home*’ (*GDXL*, *NDLG* –este segundo dicionario engade ‘ou o nome do que nos escoita’–) e, mesmo, no *DEE* o único que se sinala é simplemente ‘apócope de *homem*’.

Ademais, algúns dicionarios proporcionan indicacións, ou na propia definición (*NDLG*) ou nunha observación (*GDXL*), sobre o seu uso familiar; no *DEE* o comentario sobre o carácter ‘familiar e amistoso’ atópase *s. v. hom!*, variante de *ho!* e, coma este, forma apocopada de *homem*. Hai dicionarios que tamén sinalan explicitamente, como observación, o emprego indistinto de *ho* para masculino e feminino (*NDLG* –(9a)–, *GDXL*³²), o que entra en contradición co recollido na definición do *GDC* e do *GDS21* (cf. *supra*). Neste sentido, a definición incluída no *DRAG* non introduce ningunha restrición nin de xénero nin de sexo (grazas ó uso do indefinido ‘alguén’).

Certamente, a identificación dos valores discursivos é moi pobre, no mellor dos casos engádesse que pode posuír ‘distintos matices de significado’ (*DRAG*) que, ó ser tan xeral, tampouco serve de moita axuda. Isto, sumado ás discrepancias advertidas, pode provocar no usuario máis inseguridades ca certezas. Esta situación probablemente estea por detrás das conclusións tan negativas de Moreda Leirado (2010) sobre a presenza dos MD *home* e *ho* nos dicionarios galegos (cf. *infra*).

Nos exemplos da serie (9) obsérvase que *ho* nunca ocupa a posición inicial senón que opta pola posición final. Verbo disto, no *DRAG* engádesse unha observación que afirma que “non encabeza nunca a secuencia” (*s. v. ho*).

- (9) a) *Ai ho!*, tes un trade que me poidas em-
prestar? (*NDLG*, *s. v. ho!*)
a’) Muller, agarda aínda un pouco, *ho!*
(*NDLG*, *s. v. ho!*)
b) Cala dunha vez, *ho!* (*DRAG*, *s. v. ho*)
b’) Non me volven coller noutra destas;
non *ho!* (*DRAG*, *s. v. ho*)

- c) *Anda axiña, ho!* (*GDC* e *GDS21*, *s. v. ho!*)
d) *Vem aqui, ho!* (*DEE*, *s. v. ho!*)
e) *A onde vas, ho?* (*GDXL*, *s. v. ho₁*)

Polo que se refire a *home*, hai tres dicionarios (*DRAG*, *DEE*, *GDXL*) en que é posible detectar na microestrutura deste vocábulo algún uso discursivo. Dous deles interprétano categorialmente como conxunción (*DEE*, *GDXL*) e o outro (*DRAG*) inclúeo entre as frases e expresións. A maior énfase que posúe esta forma explicitase coa utilización que fan o *DRAG* e o *DEE* do signo de exclamación. Na acepción número 12 de *home* no *GDXL*, explícase que se trata dun ‘apelativo empregado para reforzar o dito nun discurso’ (10a).

Pola súa banda, entre as frases e expresións do *DRAG* inclúense tres acepcións de *home!* que caen dentro da órbita discursiva: dúas delas identifican significados precisos, quer de ‘sorpresa’ –acepción 1, (10b)–, quer o propio dos operadores de reforzo argumentativo (cf. *supra*) coa definición sinonímica ‘por suposto’ –acepción 2, cf. (10c). Na terceira das acepcións déixase a porta aberta a outros moitos significados ‘pode adquirir matices de significado diferentes segundo os contextos e a particular entoación, tales como o reproche, a insistencia etc.’, exemplificados de (10d) a (10i). Apréciase que, excepto en (10a), o MD nunca aparece ocupando a posición final, senón que tende á posición inicial, sempre seguido de pausa.

No *DEE* tamén son tres as acepcións que se inclúen *s. v. homem!* A acepción 2 ‘manifestar assombro’ coincide coa primeira acepción do *DRAG*; a acepción 1 ‘empregada para manifestar protesto’ concorda parcialmente con algún dos valores, ‘reproche’, da terceira acepción do *DRAG*; e a acepción 3 ‘chamar a atención do ouvinte para o que se diz’, (10l), entronca co valor plenamente apelativo visto na definición do *GDXL* –mais obsérvase a diferenza entre (10l) e, precisamente, (10a)– e, mesmo, co significado de ‘insistencia’ que tamén se recollía na terceira das definicións, aberta, do *DRAG*.

Como xa se adiantou, verbo das unidades discursivas *ho* e *home*, Moreda Leirado (2010: 7) amosou a súa sorpresa porque “o máis habitual na lexicografía galega sexa a ausencia de

³² Neste dicionario engádesse a maiores que ‘en moitos casos en feminino emprégase *ne*, forma reducida de *nena*’ (*GDXL*, *s. v. ho₁*).

referenzas aos posíbeis usos de dous marcadores tan habituais na lingua oral” e salientou que cumpriría unha revisión dos dicionarios “canto á caracterización destas unidades”. Leva toda a razón a investigadora galega: aínda que con *ho* non se trata tanto de ausencia –si con *home*–, o relevante é que se ofrece, de facto, unha información (incluídos os exemplos) coherente, ben estruturada e lingüísticamente optimizada.

Neste sentido, sería bo tentar proxectar no tratamento lexicográfico (tanto nas acepcións coma nos exemplos fornecidos) algunha das propostas clasificadoras deste MD. Entre outras fontes e á falla dun estudo lingüístico monográfico, para o galego podería servir como guía Moreda Leirado (2009). Esta autora propón unha subdivisión en dúas funcións básicas (aplicables tanto a *home* coma a *ho*):

- Función de atenuación “da intención do falante, sempre e cando a enunciación poida supor un ataque á imaxe do destinatario” (2009: 197). Nun contexto dunha “petición ou unha orde” o uso, entre outros, de *home* “axuda a mitigar a agresividade que poden supor eses actos lingüísticos” (*Ibid.* 196), en exemplos coma: —¿*Pero que queres, ho?* —*Vente, home, vente, vente que parece mentira en ti (...)* (*Ibid.* 196 [exemplo adaptado]).
- Función sinalizadora “co fin de reclamar a (...) atención” do destinatario (*Ibid.* 196). Moreda Leirado confirma que un dos “usos máis recorrentes” destes MD é aquel en que “o falante expresa o seu descontento a respecto dun feito ou dunha enunciación anterior” (2009: 196), coma no exemplo: —(...) ¿*Que comedes?* —*Comemos castañas.* —¡*Home!*³³ *Aquí non pode ser. Vinde canda min, (...) xa veredes como comedes alí fariña, moitas cousas boas* (*Ibid.* 196 [exemplo adaptado]). Esta función relaciónase co segundo dos valores de *home* proposto por Briz, Pons e Portolés (2008), que o describen

como intensificador reafirmador do dito ou feito polo falante así como dos desacordos co outro.

Estas dúas funcións, “responden ás características propias do vocativo” (Moreda Leirado 2009: 197). Pola súa banda, *home*, a diferenza de *ho*, “pode funcionar de forma autónoma guiando as inferencias” (*Ibid.* 197).

En definitiva, dende a perspectiva lexicográfica, o importante é identificarmos o máis doadamente posible as (in)variantes discursivas destes marcadores en galego por medio da información ordenada, sintética pero completa no esencial, e ben exemplificada dos artigos lexicográficos.

- (10) a) Non che digo nada, *home* (*GDXL*, s. v. *home*)
- b) *Home*, canto tempo! (*DRAG*, s. v. *home*)
- c) —E ti tamén fuches? —*Home!* E logo ti que pensas? (*DRAG*, s. v. *home*)
- d) *Home*, por favor, xa está ben! (*DRAG*, s. v. *home*)
- e) Veña, *home*; un pouquiño máis! (*DRAG*, s. v. *home*)
- f) Pero *home!*, como consentes iso? (*DRAG*, s. v. *home*)
- g) Si, *home*, si! O que ti queiras (*DRAG*, s. v. *home*)
- h) *Home*, que queres que che diga? (*DRAG*, s. v. *home*)
- i) *Home, home!*, podías ter un pouco máis de coidado (*DRAG*, s. v. *home*)
- l) *Homem*, por que não o fazes? (*DEE*, s. v. *homem!*)

2.2.2. Apéndices corroborativos

O MD *non si?* está moi presente na lexicografía galega (*DEE*, *DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*, *NDLG*), categorialmente, identifícase como locución adverbial (*DEE*; *GDXL*, s.

³³ Cuenca e Torres Vilatarsana (2008), despois de analizaren dous corpus conversacionais do catalán e do castelán, clasifican os usos dos MD *home/hombre* e *dona/mujer* en catro grandes clases de significados: atenuadores, reforzadores, de polaridade e expresivos. O relevante para o caso que nos ocupa é que este último tipo está ausente do catalán, “los valores expresivos no se encuentran con *home*”, pero si se rexistra “el uso de *hombre* (en español) dentro de conversaciones en catalán con ese valor” (2008: 247) e isto “avala la idea de que nos encontramos ante un uso característico del español”. O exemplo proporcionado por Moreda Leirado di literalmente “—¡Òmbre!” —forma castelá nun contexto galego— e o seu valor na clasificación de Cuenca e Torres Vilatarsana corresponderíase, precisamente, con estes usos que elas denominan “expresivos”. Cumpriría verificar ata que punto este valor en galego é esóxeno ou non.

v. *non*), inclúese entre as frases e expresións (*DRAG*) ou expresións (*NDLG*). As definicións optan maioritariamente por acumulacións como ‘verdade que é certo?, verdade que é así?’ (*NDLG*, s. v. *non* e s. v. *si*), ‘non é certo? Non é así?’ (*GDC*, *GDS21*; *GDXL*, s. v. *non*³⁴) ou ‘não é, não é assim, não é certo, tenho razão, estamos de acordo?’ (*DEE*). No *DRAG* remítese á acepción 5 do adverbio *non*, acepción que ofrece unha explicación: ‘como interrogativo a final de frase serve para reforzar unha afirmativa’. Paralelamente, no *GDXL* defínese como ‘reforzo das interrogacións que se emprega cando se presupón unha resposta afirmativa’ (s. v. *si*₂). Como se observa na serie (11), con este MD todos os exemplos son estruturalmente idénticos e, neles, sempre ocupa a posición final e vai precedido de pausa.

- (11) a) Fuches ti, *non si?* (*NDLG*, s. v. *non*)
 a’) Ti gáñaslle no tenis, *non si?* (*NDLG*, s. v. *si*)
 b) Xa acabaches de comer, *non si?* (*DRAG*, s. v. *non*)
 c) Tu tens vinte anos, *não sim?* (*DEE*, s. v. *não*)
 d) ¿Fuches á feira?, *¿non si?* (*GDXL*, s. v. *si*₂)

Non é? só se documenta en dous dicionarios: nun identifícase como locución adverbial (*GDXL*) e no outro forma parte das frases e expresións (*DRAG*). Neste último, coma no caso de *non si?* —que se trata, xa que logo, como sinónimo—, remítese á quinta acepción do adverbio *non* (cf. coa explicación xa vista no parágrafo anterior). No *GDXL* a definición é ‘¿non é verdade?, ¿non é así?’, que volve ir acompañada da indicación de uso ‘empregase cando se supón unha resposta afirmativa por parte do interlocutor’. O único exemplo que se fornece, paralelo ós xa vistos na serie (11), é (12).

- (12) Chámase Luís, *non é?* (*DRAG*, s. v. *non*)

2.2.3. Captadores de atención

O MD *anda* localízase en cinco dicionarios (*DEE*, *DRAG*, *GDC*, *GDS21*, *GDXL*) e en todos agás no *DRAG* vai acompañado graficamente dun signo de exclamación. Gramaticalmente sempre se identifica como interxección e

todas as definicións constrúense ó redor dunha explicación do que expresa ou indica: ‘expresa diferentes valores, como sorpresa, asombro, desprezo, censura, súplica’ (*DRAG*), ‘indica sorpresa ou admiración’ (*GDC*, *GDS21*), ‘usase para aprobar alguma cousa’ (*DEE*, acepción 1) e ‘significa também enfado com uma pessoa’ (*DEE*, acepción 3), ‘expresa sorpresa, asombro, desprezo, censura ou súplica’ (*GDXL*, acepción 1) e ‘expresión para animar’ (*GDXL*, acepción 2). A identidade da definición do *DRAG* coa primeira acepción no *GDXL* é total salvo que no segundo a lista de valores se dá como pechada. Desta volta só un dicionario, o *DRAG*, ofrece exemplos, (13a) a (13d). Apréciase que a orde en que aparecen (mantemos a orixinal do propio dicionario) respecta a ordenación dos valores presentes na definición e é probable que os dous primeiros, sinónimos, coincidan en (13a). Neles, este MD sempre encabeza o enunciado e vai seguido de pausa.

- (13) a) *Anda*, se xa son as cinco! (*DRAG*, s. v. *andar*)
 b) *Anda*, home!, vesme cara de parvo? (*DRAG*, s. v. *andar*)
 c) *Anda*, que fas cada unha...! (*DRAG*, s. v. *andar*)
 d) *Anda*, ven connosco! (*DRAG*, s. v. *andar*)

Entendes? atópase no *GDXL*, s. v. *entender*. Del dise que é unha ‘fórmula con que se insiste enfaticamente nunha aseveración’ e dáse como sinónimo *entendido?*, forma participial que é, precisamente, a que se emprega no exemplo, (14). Dela confirma Freixeiro Mato (2016: 109) que “se está a gramaticalizar” como MDC.

- (14) Non podes ir, *¿entendido?* (*GDXL*, s. v. *entender*)

Mira, con valores de natureza discursiva, documéntase en tres dicionarios (*GDC*, *GDS21*, *GDXL*). Nos dous primeiros sinálase que é interxección ‘de aviso ou ameaza’. No terceiro indícase, por unha banda, que é unha ‘forma que se emprega con intención enfática para chamar a atención sobre un feito, ou sobre o que se vai dicir’ e, por outra, que *¡mira!* é unha ‘exclamación usada para expresar admiración ou estrañeza’.

³⁴ Vai acompañada da seguinte indicación: ‘empregase cando se supón unha lóxica resposta afirmativa por parte do interlocutor’.

Olla só se documenta no *DEE*, s. v. *olha!*, identifícase como interxección e na primeira acepción explícase que ‘equivale a escuta, atende’, na segunda ‘às veces, usa-se como advertência de precaução ou cautela e significa cuidado!’ –cf. exemplos (15a) a (15c)– e na terceira dise que ‘expresa sorpresa, admiración’ –cf. exemplo (15d).


- (15) a) *Olha* o que dizes (*DEE*, s. v. *olha!*)
 b) *Olha* o que fazes (*DEE*, s. v. *olha!*)
 c) *Olha* com quem tratas (*DEE*, s. v. *olha!*)
 d) *Olha* que! (*DEE*, s. v. *olha!*)

Calquera aproximación a estes dous últimos MD debe contar necesariamente co completo traballo de Domínguez Portela (2008-2009), que os clasifica consonte dous grandes valores, (i) chamada de atención sobre o receptor ou (ii) sobre a información, e que estuda, entre outras características, os subvalores, a súa posición e o estilo de lingua co que acostuman aparecer.

Novamente, *ouve/oe* só se detecta no *DEE*, s. v. *oe!* Interpretábase categorialmente como interxección e defínese explicativamente como ‘voz utilizada para chamar as persoas’, sen exemplos.

No *GDXL* rexístrase *sabes?*, s. v. *saber*₁, do que explica que é unha ‘fórmula con que se pide ó interlocutor comprensión sobre o verdadeiro sentido do que se di’, sen dar máis indicacións nin ofrecer ningún exemplo.

Damos cabo á epígrafe dos MDC coa Gráfica 2, que reflicte a (des)proporción con que cada un dos subtipos de MDC se rexistra nos dicionarios examinados: os mellor representados son os apéndice corroborativos, que practicamente duplican os detectados cos captadores



Gráfica 2. Presenza dos tres subtipos de MDC nos dicionarios galegos³⁵

de atención; entre eles sitúanse os apelativos de familiaridade, aínda que máis preto daqueles ca destes. En todo caso, cómpre non esquecermos que estamos diante de MD asociados máis á oralidade e ó “discurso conversacional espontáneo e informal” cós textos escritos, salvo que estes tenten reproducir aquel (Freixeiro Mato 2016: 106).

De xeito complementario ó amosado na Gráfica 2 e á reflexión sobre a filiación esencialmente oral dos MDC, se atendemos á súa procedencia nominal (*ho, home, muller*), adverbial (*non é?, non si?*) ou verbal (*anda, mira...*), compróbase que coinciden cos marcadores que constitúen cada un dos tres subgrupos: apelativos de familiaridade, apéndice corroborativos e captadores de atención, respectivamente. Xa que logo, non sorprende (i) que os que proceden dunha base esencialmente adverbial sexan os máis documentados, (ii) que os de orixe nominal contén cunha presenza relativamente elevada (a pesar de estaren penalizados pola ausencia de *muller*) e (iii) que sexan os de formación verbal os que posúan a porcentaxe máis baixa. Non esquezamos que cando se mencionan as categorías gramaticais de que poden proceder os MD, son as denominadas invariables as que adoitan presentar menos problemas á hora de se incorporaren na nómina das fornecedoras de unidades discursivas, de igual xeito que non é menos verdade que a invariabilidade é un dos trazos que máis habitualmente se asocia cos MD (cf. Freixeiro Mato 2005: 71-72 e 77).


3. A xeito de conclusión

En primeiro lugar, é indubidable que lle resultaría moi útil á nosa lexicografía dispoñer de terminoloxía de natureza pragmático-discursiva para construír correctamente a microestrutura daquelas acepcións asimilables prototipicamente cos MD. Comezando polo propio termo de “marcador discursivo” que, se se empregase, permitiría realizar unha descrición moito máis precisa e axeitada destas unidades e evitaría, por exemplo, moitos dos problemas relacionados coa variabilidade categorial detectada. Tamén está ausente dos dicionarios consultados unha acepción lingüística de *operador*³⁶ que, coma no caso de MD, facilitaría o tratamento lexicográfico dos usos discursivos. Por medio

³⁵ Lenda: A. Fam.: Apelativos de familiaridade; C. Aten.: Captadores de atención; A. Corr.: Apéndice corroborativos.

³⁶ Que si coñece acepcións nos campos científicos da informática ou das matemáticas.

da Gráfica 3 visualizamos o reparto dos MD estudados segundo a categoría gramatical que se lles adxudica.



Gráfica 3. Categorías gramaticais dos MDO e MDC³⁷

Á vista destes resultados, compróbase que a categoría máis presente nestes dous tipos de MD é a dos adverbios, que cos MDO aumenta a súa proporción, pero que diminúe drasticamente cos MDC xa que, con estes, a categoría máis empregada é a das interxeccións. As outras categorías que se explicitan, conxuncións e substantivos, teñen unha presenza cativa. Chama poderosamente a atención que os dous últimos subtipos considerados presentan porcentaxes realmente elevadas: no primeiro incluimos todos aqueles casos en que se identifica paradigmaticamente o MD cun vocábulo particular, pero tan xeral como ‘expresión’, ‘locución’, ‘frase’ ou similares, e tamén aqueles outros en que no interior do artigo lexicográfico non se explicita ningún tipo de categoría. Certamente, que entre eles dous sumen preto da metade dos casos di moito sobre a indefinición categorial que rodea estas unidades e que se resolvería doadamente asignándolles a

etiqueta de MD. Obsérvese tamén que entre as categorías invariables (adverbio, interxección e conxunción) superan a metade do total (cf. co sinalado na fin do último parágrafo da epígrafe precedente).

Valéndonos da Táboa 4, enxergamos a distribución categorial non por tipos de MD senón por dicionarios. De inicio sorprende que haxa tres en que son maioría os casos de ausencia de denominación explícita (*GDC*, *GDS21* e *DEE*); noutros dous óptase maioritariamente (*DRAG*) ou moi maioritariamente (*NDLG*) por unha nomenclatura xeral inespecífica, aínda que é de destacar a favor destes dous dicionarios que son os únicos que de xeito sistemático identifican estas unidades discursivas (aínda que sexa, como acabamos de ver, dunha maneira excesivamente vaga); finalmente, no *DG* e, sobre todo, no *GDXL* son maioría as designacións como adverbios ou locucións adverbiais. O propósito básico dun usuario cando se aproxima a unha unidade recollida nun dicionario é identificala de xeito preciso e saber exactamente que lugar ocupa na descrición léxico-gramatical dunha lingua. Por iso cremos que o máis certo, e económico, sería a introdución do termo MD (algo perfectamente viable polo menos nos dicionarios cunha macroestrutura media ou grande).

Aínda que Martín Zorraquino (2004: 61-62) se estea a referir ós dicionarios monolingües especializados de MD, as reflexións que realiza verbo da información que debe recoller un artigo lexicográfico que traballe cun MD (información sobre a categoría, (sub)acepcións, ámbito ou extensión de uso, exemplos e observacións sobre os procesos gramaticalizadores/

%	<i>DEE</i>	<i>DG</i>	<i>DRAG</i>	<i>GDC</i>	<i>GDS21</i>	<i>GDXL</i>	<i>NDLG</i>
Adv.	20	42,9	34,8	25	30	64,3	21,1
Interx.	24	28,5	13	20	20	10,7	10,5
Conx.	4	-	-	-	-	3,6	-
Subst.	8	-	-	-	-	-	-
Expr.	4	14,3	52,2	-	-	17,8	68,4
Sen categ.	40	14,3	-	55	50	3,6	-


Táboa 4. Categorías gramaticais dos MDO e MDC por dicionarios³⁸

³⁷ Lenda: Adv.: Adverbios e locucións adverbiais; Interx.: Interxeccións; Conx.: Conxuncións; Subst.: Substantivos; Expr.: Expresións, locucións, frase(s), fórmula, forma; Sen categ.: Sen categoría gramatical explícita. No *GDC* e no *GDS21* indícase que o símbolo “•” “introduce ditos, frases feitas, locucións ou refráns” (*GDC* p. 14; *GDS21* p. 17), pero sen que se identifique a tipoloxía correspondente en cada caso concreto.

³⁸ Lenda: Adv.: Adverbios e locucións adverbiais; Interx.: Interxeccións; Conx.: Conxuncións; Subst.: Substantivos; Expr.: Expresións, locucións, frase(s), fórmula, forma; Sen categ.: Sen categoría gramatical explícita.

lexicalizadores) e, sobre todo, como debe ser a súa definición, son perfectamente aplicables ós dicionarios monolingües non especializados. Recoñece a autora que non resulta doado ofrecer unha boa definición de MD, basicamente porque ó non presentaren os MD “contido denotativo” a definición “debe ser de tipo *funcional*” (*Ibid.* 61). Trátase da definición que Porto Dapena denomina –fronte ás definicións conceptuais– formais, explicativas ou funcionais e que se caracterizan porque, no canto do contido, o que se pon de manifesto son “características relativas a aspectos formais –funcionais, morfolóxicos, sintácticos o combinatorios, pragmáticos, etc.– de la palabra utilizada como *definiendum*” (2014: 61).

Martín Zorraquino recoñece que a meirande parte das definicións de dicionarios monolingües en castelán analizadas por ela era “de tipo sinónimo”. Estas definicións, ademais, reflectían “algunas irregularidades respecto a la cantidad y calidad de la información lexicográfica que transmiten”, aínda que tamén “ofrecen, con todo, orientaciones claramente valiosas” (2004: 62). Fóronse vendo ó longo da investigación pero, como son as definicións dos MDO e MDC empregadas nos dicionarios galegos consultados? Na Gráfica 4 recompilamos a tipoloxía definicional destes MD³⁹.




Gráfica 4. Tipoloxía das definicións dos MD analizados⁴⁰

Dende a perspectiva conxunta dos dous grupos de MD obsérvase que as definicións de base sinonímica son, en efecto, as máis usadas xa que supoñen algo máis da metade do total:

delas, son maioría as múltiples, isto é, aquelas que combinan dous ou máis sinónimos na definición conceptual (dentro delas son amplísima maioría, máis do 91%, as constituídas por unha parella de sinónimos). Mais tamén destacan as definicións funcionais ou explicativas, pois case supoñen un terzo do total. As definicións conceptuais perifrásticas (simples ou múltiples) son moi minoritarias con estas unidades. Se nos fixamos só nos MDO comprobamos que estes datos aínda se agudizan máis a favor das definicións de base sinonímica que, entre as simples e as múltiples, case alcanzan os dous terzos do total; van seguidas das definicións funcionais, que retroceden ata unha quinta parte dos exemplos. Fronte a eles, se observamos os MDC decatámonos de que preto das tres cuartas partes das súas definicións son funcionais ou explicativas, as sinonímicas redúcense drasticamente e chegan a ser superadas polas perifrásticas. Certamente, á vista destes datos podemos concluír que o tipo de MD condiciona a preferencia por un modelo ou outro de definición.

Resulta tamén moi rendible confrontar a tipoloxía das definicións discriminando os sete dicionarios manexados. A Gráfica 5 traslada os datos dos tres tipos máis abundantes⁴¹.



Gráfica 5. Principais tipos de definicións dos MD analizados (por dicionarios)⁴²

É obvio que as estratexias para construír as definicións destes MD varían dun dicionario a outro. Hainos que privilexian as sinonímicas simples por riba das múltiples (*DEE*, *DRAG* e,

³⁹ A clasificación de base procede de Porto Dapena (2014), véxanse sobre todo as pp. 61-101.

⁴⁰ Lenda: S.S.: Definición conceptual simple sinonímica; S.P.: Definición conceptual simple perifrástica; M.S.: Definición conceptual múltiple sinonímica; M.P.: Definición conceptual múltiple perifrástica; M.M.: Definición conceptual múltiple mixta; F.: Definición formal ou funcional.

⁴¹ Por iso a suma das porcentaxes que se ofrecen non chega ó 100%.


⁴² Lenda: S.S.: Definición conceptual simple sinonímica; M.S.: Definición conceptual múltiple sinonímica; F.: Definición formal ou funcional.

sobre todo, *DG*), hainos que optan pola escolla inversa favorecendo as sinonímicas múltiples por riba das simples (*NDLG*, *GDXL*, *GDC* e *GDS21*). As funcionais ou explicativas oscilan entre os dicionarios que acumulan ó redor dunha cuarta parte deste tipo (*GDS21* e *NDLG*), os que se acaroan na volta dun terzo do total (*GDC*, *DEE*, *GDXL* e *DRAG*) e o *DG*, con algo máis das dúas cuartas partes.

Fóra dos datos anteriores, constituiría outra boa práctica que, cando nunha definición se acumulan unha serie de valores (parcialmente) diferentes, os exemplos que se ofrecen se relacionasen explicitamente con eles. Se coincidise o número de valores co de exemplos non habería ningún problema (abondaría con respectar sistematicamente a ordenación de todos eles), mais se se ofrecen máis valores ca exemplos (habitualmente é o que adoita acontecer), poderíanse (inter)relacionar de xeito explícito: por exemplo, con *home* no *DRAG* podíanse asociar ‘sorpresa’ e ‘asombro’ con (13a), ‘desprezo’ con (13b), ‘censura’ con (13c) e ‘súplica’ con (13d). Así mesmo, habería que ser extremadamente coidadosos na elección de cada un dos contidos que se asocien a un MD e evitar o seu simple amoreamento, por dous motivos fundamentais: (i) porque a multifuncionalidade é unha das características asociadas ós MD (cf. Freixeiro Mato 2006: 143 e 162), e (ii) porque cada un deses significados básicos se podería relacionar co que Vázquez Veiga denomina “etiquetas discursivas” e define como “los términos que describen la función comunicativa o la fuerza ilocutiva de cada uno de los sentidos de un MP [marcador pragmático]” (2008: 278). Ós anteriores aínda se podería engadir unha razón instrumental: a aprendizaxe dos MD dunha lingua é esencial para dominala plenamente e, como tamén lembra Vázquez Veiga (2008: 279-281; ou Martín Zorraquino 2004: 61), o papel que xogan os dicionarios é, nese sentido, fundamental tanto para unha L1 coma, sobre todo, unha L2⁴³.

Verbo da exemplificación, só documentamos a presenza de exemplos en pouco máis da

quinta parte do total de entradas que amosaron algún valor discursivo. É unha cifra moi baixa, que cumpriría aumentar⁴⁴, aínda que é verdade que o comportamento varía moito duns dicionarios a outros tal e como se comproba na Gráfica 6.



Gráfica 6. Presenza de exemplos nos MD analizados

Certo é que a Gráfica 6 só reflicte valores cuantitativos e non fai mención á (in)adecuación con que os exemplos poden recoller o(s) valore(s) que en cada caso se pretenden exemplificar (cf. coa análise de casos concretos ofrecida ó longo do traballo), pero reproduce de xeito moi nidio cal é o panorama neste punto da nosa lexicografía. Por riba de todos salienta o *DRAG*, pois nel podemos atopar algún exemplo en dous de cada tres MD atopados. Cómpre subliñar tamén o bo comportamento do *NDLG*, xa que o seu carácter escolar non só non lle impide brillar neste punto senón que lle posibilita ocupar un lugar destacado. Os dous dicionarios cunha macroestrutura maior, *DEE* e *GDXL*⁴⁵, polo menos neste apartado non aproveitan a potencialidade que lles pode proporcionar o enorme caudal léxico con que contan no seu interior. Finalmente, nos outros dicionarios a presenza de exemplos é escasa ou nula, o que obviamente significa que estamos diante dunha escolla editorial por parte dos seus autores, pero que no terreo específico dos MD non se evidencia como unha boa opción.

Por todo o anterior, é capital manexar, se existiren, as investigacións previas que analicen diferentes conxuntos de MD: non só por

⁴³ De feito, hai obras lexicográficas como as de Grieve (1996), Paillard e Vu Thi (2012) ou Holgado Lage (2017), que se centran especificamente nos MD dende a perspectiva dunha L2.

⁴⁴ Son moitos os autores que defenden esta necesidade, por exemplo, dende unha perspectiva máis xeral Iriarte Sanromán afirma que “os exemplos são cruciais no uso do dicionário como ferramenta para a codificação” (2005: 60).

⁴⁵ Se comparamos estes datos cos ofrecidos por Iriarte Sanromán (2005: 61) para 20 palabras (15 léxicas e 5 gramaticais) en edicións máis antigas do *DEE* e do *GDXL* (dos anos 1995 e 2000, respectivamente), apréciase nas edicións máis actuais destes dicionarios, polo menos cos MD estudados, unha notable diminución dos exemplos.

identificar as funcións ou clases que resulten máis produtivas, senón tamén para tentar evitar o que son simples variantes de significado condicionadas polo contexto, pero sen unha repercusión formal clara. Así, poderíase aproveitar o dicionario para incluír en *ben* algúns dos seus valores discursivos básicos, por exemplo como *organizador* que recupera un tema ou aspecto deste (—*¿Quén fai caso de mermuraciós e de contos!... Ben, pois ó qu'iba*; Domínguez Portela 2009: 120) e como *modalizador* para portarlle importancia a unha situación (—*¿E tíos ou irmáns tampouco tes? —Non señor. —Ben, enxuga esas bagoñas*; Domínguez Portela 2009: 129 [exemplo adaptado]).

Dende esa perspectiva vólvese tamén imprescindible ofrecer, directa ou indirectamente, información clara e precisa cando menos sobre a posición, as pausas e a entoación dos MD. De feito, Llopis Cardona (2014: 103) salienta que

na microestrutura se adoita “obviar información sintáctico-discursiva importante”, o ámbito de actuación ou o tipo de función conectora. Certamente, non estamos diante de dicionarios especializados, pero todos estes son parámetros pertinentes esenciais, por veces, para distinguir subtipos de marcadores e sempre se poden atopar solucións para fornecela, sen comprometer a estrutura do artigo lexicográfico. É incuestionable que non resulta doado fornecer unha descrición lexicográfica completa dos MD, entre outros problemas, porque se trata de unidades que aínda poden estar en (pleno) proceso de gramaticalización (cf. Llopis Cardona 2014: 103). Pero, precisamente por iso, cómpre un tratamento conxunto destas partículas discursivas así como maximizar a exactitude da información ofrecida. As propias definicións, os exemplos e, se for preciso, as observacións, poden servir perfectamente para conseguir tal fin.

4. Referencias bibliográficas

4.1. Dicionarios estudados

DEE = Isaac Alonso Estraviz e Carlos Durão (dirs.) *et alii*: *Dicionário Electrónico Estraviz*. Versión 3.0, <http://www.estraviz.org/> [consulta: 14/08/2018].

DG = Xesús Domínguez Dono (coord.) *et alii* (2004): *Dicionario de galego*. Vigo: Ir Indo.

DRAG = Manuel González González (2012-): *Dicionario da Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, <http://www.realacademiagalega.org/dicionario> [consulta: 14/08/2018].

GDC = Francisco Villegas Belmonte (coord.) *et alii* (2011): *Gran dicionario Cumio da lingua galega*. Ponte Caldelas: Edicións do Cumio.

GDS21 = Xosé Antonio Pena (dir.) *et alii* (2006² [2005]): *Gran dicionario Século21 da lingua galega*. [Vigo]: Edicións do Cumio / Galaxia.

GDXL = Xosé M^a Carballeira Anllo (coord.) *et alii* (2009): *Gran dicionario Xerais da lingua*. 2 vols. Vigo: Xerais.

NDLG = Xosé Xove Ferreiro (coord.) *et alii* (2012): *Novo dicionario da lingua galega*. Santiago de Compostela: Obradoiro / Santillana.

4.2. Estudos

Aschenberg, Heidi e Óscar Loureda Lamas (2011): “Introducción. Marcadores del discurso: descripción, definición, contraste”, en H. Aschenberg e Ó. Loureda Lamas (eds.), *Marcadores del discurso: de la descripción a la definición*. Madrid / Frankfurt: Iberoamericana / Vervuet, pp. 9-31.

BILEGA = Francisco García Gondar (dir.) (1994-): *Bibliografía Informatizada da Lingua Galega*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Versión 2.5.1, <http://www.cirp.es/bdo/bil/> [consulta: 08/08/2018].

Briz, Antonio, Salvador Pons e José Portolés (coords.) (2008-): *Diccionario de partículas discursivas del español*, www.dpde.es [consulta: 14/08/2018].

Cuenca, María Josep e Marta Torres Vilatarsana (2008): “Usos de *hombre/home* y *mujer/dona* como marcadores del discurso en la conversación coloquial”, *Verba. Anuario Galego de Filoloxía* 35, pp. 235-256.

Domínguez Portela, Soraya (2008-2009): “*Olla e mira*, dous marcadores discursivos en tres linguas: portugués, galego e español”, *Cadernos de Lingua* 30-31, pp. 27-73.

——— (2009): “O marcador discursivo *bueno* na lingua galega: valores e alternativas”, en G. Rei-Doval (ed.), *A lingüística galega desde alén mar*. [Santiago de Compostela]: Universidade de Santiago de Compostela, pp. 109-132.

DRAG97 = Real Academia Galega (1997): *Diccionario da Real Academia Galega*. Vigo: Xerais / Galaxia.

- Fernández Ferreiro, Manuel (2002): “Marcadores do discurso e cognición: o caso de *pero*”, en X. A. Fernández Roca e M^a J. Martínez López (coords.), *Vir bonus docendi peritus: Homenaxe a José Pérez Riesco*. A Coruña: Universidade da Coruña, Facultade de Filoloxía, pp. 65-83.
- Fernández Salgado, Benigno (dir.) (2004): *Dicionario Galaxia de Usos e Dificultades da Lingua Galega*. Vigo: Galaxia.
- Freixeiro Mato, Xosé Ramón (2005): *Os marcadores discursivos: Conectores contraargumentativos no galego escrito (Revista Galega de Filoloxía, Monografía 3)*. A Coruña: Universidade da Coruña, Área de Filoloxías Galega e Portuguesa.
- (2006² [2003]): *Gramática da lingua galega IV. Gramática do texto*. Vigo: A Nosa Terra.
- (2013): “Conectores consecutivos en galego-portugués: da época medieval á actualidade”, en E. Casanova Herrero e C. Calvo Rigual (eds.), *Actas del XXVI Congreso Internacional de Lingüística y de Filología Románicas (Valencia 2010), V, Sección 9: La pragmática de las lenguas románicas*. Berlin / Boston: Walter de Gruyter, pp. 437-448.
- (2016): “Tipos de marcadores discursivos no galego oral e escrito”, *Revista Galega de Filoloxía* 17, pp. 77-118 (DOI: <https://doi.org/10.17979/rgf.2016.17.0.1872>).
- Fuentes Rodríguez, Catalina (2009): *Diccionario de conectores y operadores del español*. Madrid: Arco/Libros.
- García Represas, Delio (1992): “A afirmación”, *Cadernos de Lingua* 6, pp. 47-64.
- Grieve, James (1996): *Dictionary of Contemporary French Connectors*. London / New York: Routledge.
- Holgado Lage, Anaís (2017): *Diccionario de Marcadores Discursivos para estudiantes de español como segunda lengua*. New York: Peter Lang.
- Iriarte Sanromán, Álvaro (2005): “Dicionários Monolingües da Língua Galega”, *Revista Galega de Filoloxía* 6, pp. 51-72.
- Llopis Cardona, Ana (2014): *Aproximación funcional a los marcadores discursivos. Análisis y aplicación lexicográfica*. Frankfurt am Main: Peter Lang.
- Martín Zorraquino, María Antonia (2004): “El tratamiento lexicográfico de los marcadores del discurso y la enseñanza de E/LE”, en M^a Auxiliadora Castillo Carballo *et alii* (coords.), *Las gramáticas y los diccionarios en la enseñanza del español como segunda lengua: deseo y realidad. Actas del XV Congreso Internacional de ASELE*. Sevilla: Universidad de Sevilla, pp. 53-67 (https://cvc.cervantes.es/ensenanza/biblioteca_ele/asele/pdf/15/15_0051.pdf).
- Martín Zorraquino, María Antonia e José Portolés Lázaro (1999): “Los marcadores del discurso”, en I. Bosque e V. Demonte (eds.), *Gramática descriptiva de la lengua española*. Madrid: Espasa Calpe, vol. 3, pp. 4051-4213.
- Moreda Leirado, Marisa (2009): “Marcadores conversacionais no galego actual”, *Anuario del Centro de Estudios Gallegos. 2009*. Montevideo: Universidad de la República (CEGAL), pp. 187-207.
- (2010): “Palabras de natureza ambigua”, *Interlingüística XX (XXIV Encuentro Internacional de la Asociación de Jóvenes Lingüistas)*. Edición en CD-ROM, pp. 1-10.
- Paillard, Denis e Ngan Vu Thi (2012): *Inventaire raisonné des marqueurs discursifs du français. Description. Comparaison. Didactique*. Hanoi: Éditions de l’Université Nationale de Hanoi.
- Porto Dapena, José-Álvaro (2014): *La definición lexicográfica*. Madrid: Arco/Libros.
- Portolés, José (2001² [1998]): *Marcadores del discurso*. Barcelona: Ariel.
- Rodríguez Guerra, Alexandre (2018, no prelo): “Os marcadores discursivos estruturadores e conectores na lexicografía galega dos albores do s. XXI”, en M^a D. Sánchez Palomino e X. A. Fernández Salgado (eds.), *Lexicografía iberorrománica*. Madrid: Arco/Libros.
- Vázquez Veiga, Nancy (2008): “Las etiquetas discursivas en un diccionario de marcadores pragmáticos: un puente entre lenguas”, en D. Azorín Fernández (dir.), *El diccionario como puente entre las lenguas y culturas del mundo: Actas del II Congreso Internacional de Lexicografía Hispánica*. Alicante: Biblioteca Virtual Miguel de Cervantes, pp. 278-284 (<http://www.cervantesvirtual.com/downloadPdf/las-etiquetas-discursivas-en-un-diccionario-de-marcadores-pragmaticos-un-puente-entre-lenguas-0/>).